

CONDICIONS QUE REXERAN A CONTRATACIÓN DO MONTAXE PARA AS FEIRAS DA FUNDACION DE EXPOSICIONS E CONGRESOS DE A ESTRADA NO ANO 2018

1ª.- CONDICIONS XERAIS

Este documento constitúe o conxunto de condicións que rexerán a contratación dunha empresa de Montaxe para todos os eventos da Fundación de Exposicións e Congresos para o ano 2018 .

2ª.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a adxudicación dunha empresa de montaxe para os seguintes eventos :

8º Feira de Oportunidades do Comercio / 55º Feira de Antigüidades /3º Salón Vehículo Ocasión,9,10 e 11 de Marzo:

- 300 m2 stand modular
- Panelado expositores prezo unidade
- Moqueta colocada prezo m2.
- Rotulo en vinilo sin anagrama.
- Colocación de Enchufes
- Colocación Focos

32º Feira do Moble de Galicia , 15 ao 23 de Setembro :

- 1440 m2 moqueta para pasillos.
- Cuadros electricos prezo unitario.
- Cuadros trifásicos prezo unitario.
- Panelado pabellón nº1(120 paneles) y nº 2 (160 paneles).

- Panelado expositores prezo unidade.
- Mobiliario prezo unidade.
- Moqueta colocada prezo m2
- Moqueta sin colocar prezo m2.
- Cinta moqueta prezo unitario.
- Stand modular prezo m2
- Pagoda 5x5 sin tarima.
- Rotulo en vinilo sin anagrama

3ª.- PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

As ofertas dirixiranse á administración da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada, Entidade contratante, en zona deportiva s/n CP 36.680 de A Estrada (Pontevedra), o por correo electrónico : mercedes@feiradomoble.com.

4ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación será o Comité Executivo da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada, ou persoa en quen delegue.

5ª.- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO

O órgano de Contratación tendrá a facultade de adxudicar o servizo á proposta máis ventaxosa, asignando puntuación aos criterios que se enumeran a continuación:

- a) Proposición económica máis ventaxosa: 6 Puntos
- b) Experiencia en empresas e institucións semellantes: 3 Puntos

c) Valoración polos traballos realizados na Fundación, así como ser colaborador de la Fundación: 1 Punto

Puntuación máxima total: 10 Puntos.

Acordada a adxudicación polo Órgano de Contratación, a Fundación notificarallo ao adxudicatario.

6ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato terá a consideración de contrato menor. Antes da firma do contrato a empresa adxudicataria comprométese a presentar a documentación requerida según a lei de contratación coas administracións públicas. Dentro do prazo de tres días naturais seguintes á comunicación da adxudicación do servizo, o contrato formalizarase en documento privado.

7ª.- PRAZO DE ADXUDICACIÓN

O contrato terá unha vixencia dun ano (dende o 1 de Xaneiro ata o 31 de Decembro).

8ª.- EFECTOS DA ADXUDICACIÓN

Dentro do prazo estipulado e unha vez formalizado o contrato o adxudicatario farase cargo da prestación do servizo.

9º .- DESCRIPCIÓN DAS TAREAS

Os prazos de execución das tarefas a realizar pola empresa serán os necesarios para a montaxe, tendo que estar os traballos de montaxe rematados tres días antes da data de comezo de cada unha das feiras.

A Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada comunicará ao adxudicatario con anterioridade ao inicio do servizo as datas e horarios definitivos de execución, así como un plano indicando o lugar de instalación de stands e as características dos mesmos.

Unha vez comunicado pola Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada as características xerais do servizo o adxudicatario deberá prever todas as tarefas necesarias e o suministro de materiais para a súa disponibilidad nos días destinados á montaxe.

Así mesmo o adxudicatario deberá planificar e organizar a disposición de todos os medios técnicos (medios de transporte, equipos, ferramentas, etc.) e humanos convenientemente cualificados para a execución dos traballos.

Así mesmo o adxudicatario deberá designar durante a montaxe e os días de feira o persoal necesario, capaz de solucionar, reparar ou resolver calquer problema que puidera presentarse no stand, tanto de reparación como de funcionamento dos distintos elementos utilizados.

Unha vez rematado o certamen, o adxudicatario deberá efectuar todas as tarefas de desmontaxe nos horarios establecidos pola Fundación a tal efecto, deixando o recinto en perfecto estado de limpeza.

A medición e marcaxe dos stands efectuarase entre o persoal da empresa adxudicada e o persoal da Fundación.

Para o pegado de moquetas utilizarase cinta de dobre cara cuxa calidade garante a suxeción e ao mesmo tempo un fácil retirado e limpeza da mesma.

NORMATIVA E REGLAMENTACIÓN TÉCNICA :

Todos os materiais e equipamentos cumprirán os requisitos esixidos pola normativa e reglamentación vixente na materia(resistencia e esforzos, protección contra o lume,normativas sobre a salud e mediomambiente,etc.)

O adxudicatario será o único responsable ante a ley pola infracción de calquer normativao ou mal uso dos materiais.

O adxudicatario deberá suscribir ao seu cargo pólizas de seguro necesarias que cubran calquer risco polos danos a persoas,cousas ou responsabilidade civil derivada da execución dos traballos(transporte,adaptación ,montaxe,mantemento,desmontaxe).

A instalación eléctrica,realizada pola empresa de montaxe deberá cumprir a normativa do Reglamento Electrotécnico de Baixa Tensión

En A Estrada, a 7 de Novembro de 2017



Asdo.: Nemesio Rey Pazos

Responsable por delegación do Vpte.